



A UDC, Inditex e a Asociación Galega da Empresa Familiar, unidos no intercambio de coñecemento e investigación no eido da empresa familiar



- *Universidade da Coruña, Inditex e a asinaron hoxe a renovación do convenio Asociación Galega da Empresa Familiar da “Cátedra de Empresa Familiar UDC”*
- *Este acordo establece un espazo de cooperación para impulsar a docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento no ámbito da empresa familiar*

A Coruña, 21 de febreiro de 2025.- Esta mañá tivo lugar na Reitoría da Universidade da Coruña a sinatura do convenio de colaboración entre a UDC, a Asociación Galega de Empresa Familiar (AGEF) e a empresa Inditex, para a renovación da Cátedra de Empresa Familiar Universidade da Coruña, unha iniciativa que ten como obxectivo fomentar o intercambio de coñecemento e

Gabinete de Comunicación

Rúa da Maestranza, 9 15001 A Coruña.
T 981 167 000 ext.. 1047 // 647 387 762
comunicacion@udc.es www.udc.es
FB : udc.gal / Tw : @UDC_gal / Inst : udc_oficial



experiencia no ámbito da docencia, investigación e transferencia vencelladas á empresa familiar.

O acordo foi subscrito polo reitor da UDC, Ricardo Cao Abad; o presidente da AGEF, José Bernardo Silveira Martín; e o secretario Xeral e do Consello de Inditex, Javier Monteoliva Díaz.

O reitor da UDC, Ricardo Cao puxo de manifesto o compromiso da Universidade coa transferencia de coñecementos á sociedade. Un camiño -dixo- no que instrumentos como esta cátedra *“son claves para conseguir que esa transferencia se dirixa a resolver problemas reais do noso tecido produtivo”*. Nese sentido amosou o seu agradecemento tanto a Inditex como á Asociación Galega de Empresa Familiar (AGEF).

José Bernardo Silveira resaltou o gran labor realizado pola cátedra. *“Tras vinte anos de estreita colaboración, estamos felices de renovar, unha vez máis, o vínculo de AGEF coa Universidade da Coruña a través desta cátedra de empresa familiar, desde a que seguiremos impulsando a visibilidade das empresas familiares de Galicia e fomentando o emprendemento entre os estudantes universitarios. Quero, ademais, felicitar á profesora Berta Rivera polo seu magnífico labor na dirección da cátedra”*.

Pola súa banda, Javier Monteoliva, Secretario Xeral de Inditex, engadiu *“A nosa colaboración coa Cátedra da Empresa Familiar UDC é reflexo do firme compromiso de Inditex coa educación, e a súa capacidade de impulsar o desenvolvemento das empresas familiares no noso entorno”*.

A Cátedra, que terá unha duración inicial de 4 anos, organizará baixo o seu paraugas diversas actividades enmarcadas en catro principais liñas de actuación: a formación, a investigación, a divulgación e a colaboración institucional. No que respecta á formación, entre as iniciativas previstas están a docencia en titulacións oficiais da Facultade de Economía e Empresa, a dirección de TFG e TFM relacionados coa Cátedra, a elaboración de obradoiros e conferencias ou a visita a empresas familiares.

No marco da investigación, levaranse a cabo traballos aprofundando nas liñas temáticas relacionadas, e fomentarase a participación en congresos e seminarios para presentar os traballos de investigación en curso.

A Cátedra Institucional da Empresa Familiar

A Cátedra Institucional da Empresa Familiar naceu no ano 2005, froito dun convenio de colaboración entre a UDC e o Instituto da Empresa Familiar, co patrocinio da antiga Caixanova, Inditex e a Asociación Galega de Empresa Familiar.

Gabinete de Comunicación

Rúa da Maestranza, 9 15001 A Coruña.
T 981 167 000 ext.. 1047 // 647 387 762
comunicacion@udc.es www.udc.es
FB : udc.gal / Tw : @UDC_gal / Inst : udc_oficial



Foi impulsada co obxectivo de promover a docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento sobre as características diferenciais das empresas familiares e os diversos problemas que afectan á súa xestión e crecemento.

Pé de foto: de dereita a esquerda, José Bernardo Silveira, presidente de AGEF; Ricardo Cao, reitor da UDC; y Javier Monteoliva, secretario de Inditex.

Gabinete de Comunicación (AGEF)

Atlántica Comunicación T 986 260 680 info@atlanticacomunicacion.com

Gabinete de Comunicación

Rúa da Maestranza, 9 15001 A Coruña.
T 981 167 000 ext.. 1047 // 647 387 762
comunicacion@udc.es www.udc.es
FB : [udc.gal](https://www.facebook.com/udc.gal) / Tw : [@UDC_gal](https://twitter.com/UDC_gal) / Inst : [udc_oficial](https://www.instagram.com/udc_oficial)

